

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

F-. FEIRÓN DE EMPREGO E FORMACIÓN

Dende a Concellaría, insistimos e somos conscientes de que a cidadanía do Porriño precisa de ferramentas que melloren o contacto e coñecemento do tecido empresarial, das súas necesidades, e da formación que éste precisa. E por outra banda, dito tecido empresarial precisa información de cales son as características dos perfís profesionais dos cidadáns do Porriño e de cales son as súas características formativas e experiencias, así coma a mellora continua que están a realizar nestes dous sectores.

Sendo conscientes de que unha das dificultades que teñen os cidadáns desempregados, así como o tecido empresarial, e a dificultade de establecer contactos de calidade, no que se intercambie información de oferta e necesidades laborais e de formación, o Feirón constitue unha oportunidade e unha nova ferramenta para propiciar este achegamento.

Entre outros, os obxectivos perseguidos polo Feirón destacamos os seguintes:

- Fomentar o contacto directo entre empresas e desempregados.
- Permitir a captación de profesionais por parte das empresas.
- Coñecer os programas de emprego da Concellaría de Emprego.
- Proporcionar ferramentas para a mellora da empregabilidade a través dos talleres e das conferencias.

O Feirón vai dirixido a todo tipo de desempregados ou empregados na procura dunha mellora do seu posto ou das súas condicións de traballo, para aqueles sectores poboacionais que estean en desventaxa na procura de medios de búsqueda activa de emprego, estudantes dos últimos cursos de formación profesional ou aqueles que pertencentes a formación regrada que desexan incorporarse ao mundo laboral.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

A actividade a desenvolver no Feirón de Empleo e Formación dirixese principalmente a posibilitar a visita de postos empresariais, onde os asistentes poderán entregar o seu Curriculum Vitae a unha persoa relacionada directamente coa área de contratación de empresa, ou ben preguntar calquera cuestión relacionada cos recursos humanos de cada unha delas. É dicir, terán a oportunidade de contactar directamente co servizo de contratación das empresas. Do mesmo xeito aqueles sectores que estean relacionados coa Formación para o Empleo, poderán ofertar a posibilidade de acción de mellora dos perfís profesionais tanto de empregados coma de desempregados. Tamén a participación de Empresas de Traballo Temporal poderán dar información e explicar os sistemas de contratación, as empresas coas que traballan e recoller os Curriculum Vitae, co proveito de aclarar calqueira dúbida ou curiosidade que poideran manifestar os asistentes.

A propia Concellaría de Empleo, disporá dun apartado onde os asistentes poderán informarse de primeira man das accións que se están levando a cabo no Concello do Porriño para reducir o número de desempregados, incluíndo un apartado específico para o fomento da Cultura Emprendedora, onde se poderá informarse do asesoramento preciso para realizar un plan de empresa, solicitude de subvencións, ou aclarar calquera tipo de dúbida en relación coa posta en marcha dun proxecto emprendedor.

O formato das accións presentadas serán por unha banda as Conferencias e presentacións dos profesionais correspondentes aos Recursos Humanos e Departamentos de Contratación das Empresas, directores de Formación tanto regrada académica coma ocupacional, e outros profesionais ou académicos relacionados co Empleo e Formación para o Empleo, na que se poña en común o estado actual do mercado laboral, onde se faga unha análise dos sectores ubicados na comarca ou máis concretamente no Concello do Porriño, e nas que se faga fincapé nas necesidades formativas e de bagaxe laboral, que cada sector demande

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

e nos que os desempregados poidan invertir os esforzos e dirixir a súa búsqueda activa de emprego.

O Feirón constituirá un lugar de encontro único entre empresas, organismos oficiais, estudantes e desempregados como mostra clara de compromiso da Concellaría de Empleo do Porriño na súa laboura de fomento do Empleo. Poñendo a disposición dos asistentes información e contacto directos con expertos e profesionais de diferentes sectores e actividades empresariais. Con obxectivo de aumentar o emprego no Concello do Porriño.



Plan Municipal de Emprego 2012 – Concello do Porriño

FEIRÓN DE EMPREGO E FORMACIÓN PORREMPREGO

OBXECTIVOS

- Constituir un lugar de encontro único entre empresas, organismos oficiais, estudantes e desempregados como mostra clara de compromiso da Concellaría de Emprego do Porriño na súa laboura de fomento do Emprego.
- Aumentar o emprego no Concello do Porriño.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

- Fomentar o contacto directo entre empresas e desempregados.
- Permitir a captación de profesionais por parte das empresas.
- Coñecer os programas de emprego da Concellaría de Emprego.
- Proporcionar ferramentas para a mellora da empregabilidade a través dos talleres e das conferencias.
- Información e asesoramento sobre temática empresarial xeral.

DESTINATARIOS

Desempregados ou empregados na procura dunha mellora do seu posto ou das súas condicións de traballo, para aqueles sectores poboacionais que estean en desventaxa na procura de medios de

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

	<p>búsqueda activa de emprego, estudantes dos últimos cursos de formación profesional ou aqueles que pertencentes a formación regrada que desexan incorporarse ao mundo laboral.</p>
<p>FORMA DE ACCESO</p>	<p>A través dunha convocatoria popular na que todos os cidadáns do Concello do Porriño teñan a posibilidade de libre participación.</p>
<p>EQUIPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicos de Emrego. - Orientadores Laborais. - Equipo Administrativo. - Persoal xeral do Multicentro de Torneiros.
<p>PREVISIÓN</p>	<p>Participación das autoridades da Administración Pública asociadas aos departamentos de Emrego e Formación do Concello, da Deputación e da Xunta de Galicia.</p> <p>Participación de profesionais relacionados co mundo académico e profesional relacionados coa formación e a búsqueda activa de emprego.</p> <p>Participación dos principais representantes das empresas do tecido industrial da Comarca ou outros ámbitos territoriais.</p> <p>Participación de máis de trinta empresas dos principais sectores productivos coma ofertantes de postos de traballo.</p>

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

	<p>Participación de case que de un milleiro de asistentes, nas que se contemplaría tanto usuarios da Bolsa de Empleo, estudantes e público en xeral.</p>
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño

